




GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ



## Ó PLENO DO CONCELLO DE ALLARIZ

### **MOCIÓN SOBRE O DÉFICIT DE PRAZAS NA ESCOLA INFANTIL DE ALLARIZ**

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, ó abeiro do disposto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local e nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte Moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A escola infantil de Allariz (A Galiña Azul) pertencente a rede de escolas xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, volta un ano máis a deixar a 11 cativos sen praza.

No curso 2016 – 2017 foron dez nenos e nenas de entre 0 e 3 anos os que non puideron acceder a unha praza pública na escola infantil do noso concello. Para o curso escolar 2017 -2018 a lista provisional de admitidos, volta a deixar sen praza a 11 nenos e nenas do noso municipio.

Chegados a este punto que se repite no tempo, temos que concordar que temos un problema que precisa dunha solución inmediata e que lle corresponde ao Concello alaricano procurala.

Os datos obxectivos poñen de manifesto que Allariz ten unha poboación xove e de mediana idade importante e que os nacementos supoñen unha chama de esperanza dentro do panorama desolador da crise demográfica e do despoboamento do noso mundo rural. Allariz como en outras moitas cousas, nisto tamén é unha illa na contorna provincial.

E por iso que estamos na obriga de mimar os servizos que se prestan a hora de escolarizar a tódolos nenos/as do noso concello dada a importancia desta medida a hora de conciliar a vida laboral e familiar en todo tipo de familias. O Concello de Allariz ten que ser sensible a esta necesidade e debe favorecer o acceso a educación infantil como motor de igualdade.



**GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ**

Para elo resulta imprescindible achegar solucións. Primeiro estudar a posibilidade de ampliar a actual escola infantil, dado que outro tipo de medidas alternativas como podía ser subvencionar a escolarización dos cativos noutro tipo de escolas como poden ser a privadas, resulta imposible debido a súa inexistencia no noso termo municipal.

Tendo en conta o exposto, Allariz ten un problema que afecta a escolarización no primeiro ciclo de educación infantil, que se repite no tempo, que dificulta a igualdade de oportunidades e a conciliación da vida laboral e familiar. Por elo o Grupo Municipal Socialista, presenta, para a súa consideración e aceptación, a esta Corporación Municipal, o seguinte,

**ACORDO:**

**Que por parte do Concello de Allariz se procuren de xeito urxente as solucións que sexan precisas para acadar a total escolarización dos cativos/as do municipio, no primeiro ciclo de Educación Infantil.**

En Allariz a 18 de Maio de 2017.

Asdo.: Zaida Rodríguez Camba.  
Concelleira do PSdG-PSOE en Allariz.

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ.-**